

## Enquisa da pesca. Ano 2003-2004

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivos e utilidades

O obxectivo principal desta operación, ademais de analizar un dos sectores con máis relevancia na economía galega, é a obtención dun conxunto de información que sirva de apoio nos traballos de elaboración das Contas Económicas de Galicia, en concreto, a estimación (baixo o marco metodolóxico do SEC-95) das contas de produción e de explotación do sector pesqueiro en conxunto.

#### 2. Ámbito de investigación

##### Ámbito poboacional

A poboación está formada por todos aqueles buques de pesca e marisqueo a flote (lista 3 do Censo de Flota Operativa) con porto base en Galicia, persoas físicas con permiso de explotación de marisqueo a pé e establecementos de acuicultura (mariña e continental) en territorio galego.

##### Ámbito xeográfico

Dende o punto de vista xeográfico a enquisa cubre o conxunto do territorio da Comunidade Autónoma Galega.

##### Ámbito temporal

A actividade ten periodicidade anual solicitándose datos correspondentes a dous exercicios económicos consecutivos, de maneira que sucesivas enquisas se solapen nun ano. Nesta ocasión os exercicios a estudar foron os referidos ao 2003 e 2004, e o ano que serve de enlace é o 2002 (xa que no 2003 a enquisa non foi posible realizada).

### 3. Unidades de mostraxe e información

#### Unidades de mostraxe

A unidade básica da enquisa é o barco de pesca ou marisqueo, a persoa física (no caso do marisqueo a pé) e o establecemento acuícola (no caso da acuicultura).

#### Unidades de información

As empresas propietarias dalgún buque de pesca ou establecemento acuícola seleccionados na mostra, ademais dos mariscadores que resulten elixidos. Investígase toda a actividade principal e auxiliar relacionada co sector da pesca da unidade seleccionada.

#### Unidade de observación

A maior parte do cuestionario refírese á parte da empresa que se dedica a actividades do sector pesqueiro en xeral ou auxiliares, polo que a unidade de observación sería a unidade de produción homoxénea. Tamén se solicitan algúns datos das unidades locais porque á hora de elevar é necesario repartir os datos contables entre unidades elementais de mostraxe.

### 4. Deseño da mostra

#### Tipo de mostraxe

Para a elaboración da enquisa no sector da pesca dividiremos este, dada a propia estrutura do sector, en tres subsectores: pesca, marisqueo a pé e acuicultura (continental e marítima). Os tamaños das mostras e as estimacións realizaranse por separado para cada un deles.

No subsector da **pesca** realízase unha mostraxe estratificada aleatoria. Divídese a efectos do deseño en: marisqueo a flote, pesca costeira e pesca de altura, que a súa vez seccionanse en diferentes estratos segundo o TRB (toneladas de rexistro bruto) dos buques. Desta forma resultan un total de 9 estratos:

ESTRATO	SUBSECTOR	TRB
1	Marisqueo a flote	
2	Pesca costeira	< 10
3		De 10 a 50
4		De 50 a 100
5		≥100
6	Pesca de altura	<100
7		De 100 a 500
8		De 500 a 1000
9		≥1000

Emprégase a afixación de Neyman, tomando como principal variable a estimar o volume de vendas:

$$n_h = n \frac{N_h S_h}{\sum_h N_h S_h}$$

As varianzas estímense a partir da enquisa inmediatamente anterior. Os estratos 7, 8 e 9 son exhaustivos. A mostra resultante é de 530 buques, cun error relativo de mostraxe do 4,5% e un nivel de confianza do 95%.

Por estratos o reparto é o seguinte:

Estrato	TIPO	TAMAÑO POBOACIÓN	TAMAÑO MOSTRA
1	Marisqueo a flote	2 891	30
2	Pesca costeira <10	2 114	79
3	Pesca costeira 10-50	336	57
4	Pesca costeira 50-100	45	16
5	Pesca costeira >100	155	82
6	Pesca altura <100	31	15
7	Pesca altura 100-500	222	222
8	Pesca altura 500-1000	22	22
9	Pesca altura >1000	7	7

A unidade informante neste apartado é o armador. Resultan un total de 464 armadores que proporcionan información sobre os 530 buques anteriores.

Para **marisqueo a pé** utilízase unha mostraxe aleatoria simple sen reposición. Calcúlase o tamaño da mostra para un error relativo do 7%, obtendo un total de 54 mariscadores ou unidades de observación.

Na **acuicultura** considéranse cinco categorías segundo o tipo de establecemento:

CATEGORÍA	Especies
<b>Criadeiros</b>	Ameixas, ostras
<b>Granxas mariñas</b>	Rodaballo, linguado, ollomol, robaliza...
<b>Parques de cultivo</b>	Ameixas, berberechos
<b>Bateas e liñas de cultivo</b>	Mexillón, ostra
<b>Gaiolas de cultivo</b>	Polbo, salmón, rodaballo, .....

Os criadeiros, granxas mariñas e gaiolas de cultivo invístiganse exhaustivamente dado o seu reducido número e importancia no sector. No resto aplícase mostraxe aleatoria simple sen reposición. Dun total de 4 704 establecementos fixouse o seguinte reparto:

Estrato	TIPO	SUBTIPO	Nº ESTABLEC.
1	Criadeiros	CR	19
2	Granxas mariñas	GR	33
3	Parques de cultivos	PA	877
4	Bateas e liñas de cultivo	BA e LI	3 118
4(*)	Bateas (Exhaustivo)	Emp con >10 bateas	572
5	Gaiolas de cultivo	GA	85

O número de establecementos resultante é de 855. No subtipo bateas considéranse as empresas con máis de 10 bateas como un estrato a parte, xa que a cifra de negocios dunha batea nunha empresa grande difire substancialmente á dunha batea explotada con individualidade. O número de unidades de información suman un total de 224 empresas.

Estra	TIPO	SUBTIPO	Nº ESTABLEC.	Nº EMPRESAS
1	Criadeiros	CR	19	
2	Granxas mariñas	GR	33	
3	Parques de cultivos	PA	76	
4	Bateas e liñas de cultivo	BA e LI	70	
4(*)	Bateas (Exhaustivo)	Emp con >10 bateas	572	
5	Gaiolas de cultivo	GA	85	
	<b>TOTAL</b>		<b>855</b>	<b>224</b>

## **Elevación**

No caso da pesca repártense os datos de cada unidade informante entre os seus establecementos (buques), mediante un indicador que ten en conta a capacidade e os días de pesca de cada barco.

Úsanse estimadores separados de tipo razón, con variable auxiliar o TRB.

Para paliar as deficiencias nos directorios base elabórase un indicador de variación por estratos sobre os resultados da propia enquisa e que se emprega despois para corrixi-la base de elevación. Este indicador ten en conta as altas e baixas detectadas na poboación e non corrixidas no directorio de referencia.

En marisqueo a pé e acuicultura, ao non atopar unha variable de elevación dispoñible de forma censal, empréganse estimadores de simple expansión, elevando polo nº de mariscadores e nº de establecementos respectivamente.

**O rexistro de buques nestes últimos anos sufriu varias actualizacións, o que fai que nesta enquisa a elevación de datos non sexa comparable coa dos anos anteriores xa que o número de buques estaba inflado pola falta de actualización nas baixas.**

## **5. Recollida da información**

### **Método de recollida**

A recollida realízase ao longo dos meses de outubro, novembro e decembro.

- Nunha primeira fase, os entrevistadores se dedican a depurar a mostra seleccionada, comprobando que os datos de identificación estean debidamente actualizados, en caso afirmativo se contacta coa empresa para explicar o proxecto e establecer unha primeira cita.

No caso de non ter suficientes datos identificativos ou que estes non fosen actuais, inténtanse localizar as unidades informantes por calquera medio ( guías, páxinas amarelas, confrarías, directorios de empresas, asociacións pesqueiras, capitanías,...).

- Nunha segunda fase, o entrevistador diríxese á unidade informante para realizar a enquisa directamente ou deixar o cuestionario para que o cubran volvendo despois a recollelo ou sendo reenviado mediante Fax ou correo.

## Cuestionarios

O cuestionario baséase fundamentalmente na contabilidade empresarial, solicitándose así mesmo datos sobre características das unidades de actividade económica local (buques ou establecementos), e tamén sobre a orixe das compras e o destino das vendas. A elevación destes datos permite obter as principais macromagnitudes do sector: produción, consumos intermedios, valor engadido, remuneración de asalariados e excedente de explotación/renda mixta.

Utilízanse 3 tipos de cuestionarios, un diferente para cada subsector, axeitándose así á información de que dispoñen. Aos armadores e aos establecementos acuícolas se lles solicita unha maior desagregación en terminoloxía do plan xeral contable. O cuestionario dos mariscadores é moito máis sinxelo e con menos partidas contables.

**Ata agora pedíaselles que reflectisen nos cuestionarios unicamente os datos referidos a súa actividade pesqueira, mariscadora ou acuícola. Este ano a información solicitada refírese ás actividades realizadas polos buques, mariscadores e establecementos acuícolas e ás actividades auxiliares a estas, entendendo por actividade auxiliar aquelas realizadas con recursos materiais e persoais da propia empresa (contabilidade, transporte terrestre, consultaría, almacenamento,...) co fin de crear as condicións necesarias que permitan a realización das actividades propias de cada un deles.**

## Fontes de información

Os directorios marco para a realización das enquisas son subministrados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

No caso dos **buques**, tanto de pesca como de marisqueo, é dicir, os da lista 3ª dos Rexistros de matrículas de buques das Xefaturas Provinciais da Mariña Mercante, o marco que se emprega é o resultado do cruce do Rexistro de Buques de Galicia co Censo de Flota Operativa e de continuos traballos de depuración.

O Censo de Flota Operativa é proporcionado pola Secretaría de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Neste rexistro os buques da citada lista deben estar inscritos para poder exercer a actividade pesqueira.

No Rexistro de Buques de Galicia, segundo a normativa, deben inscribirse os citados buques da lista 3ª que teñan porto base na Comunidade Autónoma de Galicia. Este rexistro está informatizado, dentro do Servicio de Producción Pesqueira, nunha rede telemática profesional para o sector pesqueiro galego.

Para o **marisqueo a pé**, o directorio marco é o de Permisos de Explotación (PERMEX). Establécese por Decreto os requisitos que deben cumprir os solicitantes do permiso, tanto para a súa obtención como para a revalidación. A información subministrada pola Consellería fai referencia unicamente ao listado de persoas que gozan de permiso de explotación cos seus datos identificativos.

Na **acuicultura** utilízase o directorio de establecementos de acuicultura con autorización administrativa. A información que nos proporciona é referente a súa identificación, localización, tipo, cultivo e datos relativos a identificación do seu propietario.

## 6. Presentación de resultados

A información preséntase desagregada para cada un dos subsectores: pesca extractiva ( e dentro desta: marisqueo a flote, pesca costeira e pesca de altura), marisqueo (marisqueo a pé) e acuicultura (marítima e continental), salvo nos casos de orixe e destino das vendas na acuicultura continental, xa que non dispoñemos de dita información.

As principais variables de estudio son as seguintes:

### **Datos económicos:**

- Ingresos: importe neto da cifra de negocios, desagregado nas partidas: vendas netas de produtos do sector, ingresos derivados doutras actividades do sector e das actividades auxiliares e prestación de servizos
- Gastos:
  - Compras de explotación, desagregado en compras de materias primas e outros aprovisionamentos e traballos realizados por outras empresas.
  - Gastos de persoal (soldos e salarios e outros gastos de persoal).
  - Servizos exteriores.
- Emprego: asalariado e non asalariado

**Destino das vendas:**

- Galicia: clasificándoas en porcentaxe das vendas realizadas na lonxa, outros comerciantes por xunto, comerciantes polo miúdo, outras empresas e venda directa.
- Fora de Galicia: porcentaxe de vendas no resto de España e no resto do mundo.

**Orixe das compras:**

- Galicia: porcentaxe das compras a comerciantes por xunto, comerciantes polo miúdo e fabricantes.
- Fora de Galicia: porcentaxe do orixe das compras procedente do resto de España e do resto do mundo.

**Hai que ter en conta que para o total do sector nos anos 2003 – 2004 inclúese a acuicultura continental, subsector que non aparece en anos anteriores, polo que hai que desagregar o total para as comparacións.**